



*Criterios aprobados polo pleno do Consello Social en sesión extraordinaria de 26/05/2021*

## **BOLSAS COLABORACIÓN DO MEFP CURSO 2024/2025**

### Criterios para o reparto das bolsas de colaboración entre os Departamentos

As bolsas de colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional distribúense en función da produción científica das áreas normalizada polo número de PDIs e do número de PDIs das áreas de coñecemento da USC cos seguintes criterios,

1. Nunha primeira rolda, as bolsas distribúense consecutivamente entre as áreas ordenadas en función da produción científica por PDI de maior a menor.
  - a. Unha área de coñecemento ten que ter atinxido un mínimo de 10 puntos/PDI para poder acceder a unha bolsa.
  - b. Nesta fase ningún departamento pode acadar máis de dúas bolsas.
2. No caso de que houbera suficientes bolsas para distribuír en posteriores roldas, o reparto faríase tendo en conta o seguinte,
  - a. Alo menos tódolos departamentos acadarán unha bolsa de colaboración.
  - b. Na segunda rolda e posteriores o reparto faríase por orde de maior a menor número de PDIs en cada área que cumpra cos criterios do punto 1.